



## CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900  
Marín (Pontevedra)  
CIF: P3602600C  
Tfno: 986 88 03 00  
www.concellodemarin.es

EXPEDIENTE: 2020/CO145-018

TIPO: PROYECTO DE OBRAS

PERS. INTERESADA: SRA. ALCALDESA/  
ÓRGANO CONTRATACIÓN

**Asunto:** Informe en relación á afección das redes e servizos municipais derivada da execución das obras contempladas no proxecto denominado “HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO” (expte. 2020 / CO145-018).

### Antecedentes:

1º.- Requírese ó técnico que subscribe a elaboración de informe en relación a afección das redes e servizos municipais derivada da execución das obras contempladas no proxecto denominado “HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO”, proxecto asinado en agosto de 2020 polo arquitecto colexiado nº 1451 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), D. Sergio Lucio Paniccia. Con data de outubro de 2023, presenta o proxectista a modificación do Anexo I “ASUSTES DE PROYECTO” modificando os documentos “TOMO I, Cumprimento da Lei 9/2017, do 8 de Novembro de 2017, de CONTRATOS DOL SECTOR PÚBLICO”, “06.04 –Programa de Obras e Prazo de execución, reimplantando los documentos aquí redactados aos do Proxecto orixinal” e “TOMO IV PRESUPUESTO”.

2º.- Dito Proxecto está conformado polos seguintes documentos:

- Documento I: Memoria
- Documento II: Planos
- Documento III: Prego de Prescricións Técnicas Particulares
- Documento IV: Orzamento

3º.- O orzamento de execución material do proxecto é de 197.758,28 €, sendo o orzamento de execución por contrata, sin IVE, de 235.332,36 €, e con IVE incluído, 284.752,16 €.

4º.- O proxecto prevé un prazo para a execución das obras de CATRO (4) MESES.

5º.- A carga de traballo da oficina técnica do departamento de urbanismo imposibilita á mesma para atender con medios propios, entre outras, a función de supervisión de proxectos prevista no artigo 235 da Ley 9/2017, de Contratos do Sector Público, no que respecta ó estudio pormenorizado do cumprimento da normativa técnica que resulte de aplicación, función que debería en todo caso ser realizada pola correspondente oficina ou unidade de supervisión de proxectos específica.

En consecuencia, no presente informe procédese unicamente a verificar que o contido formal e documental do Proxecto se axusta ás condicións requiridas ó respecto na dita Lei, sendo, a xuízo do técnico que subscribe, suficiente para a definición, valoración e execución das obras proxectadas.

E, vistos os antecedentes referidos, e unha vez analizado o proxecto e as redes de servizos existentes no seu ámbito de actuación, formúlase o seguinte:

T:\urbanismo\publicalings\51\_PROYECTOS\2020\_CO145-018\_HUMANIZACIÓN\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III\_2020\_CO145\_018\_INFORME\_TECNICO\_HUMANIZ\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III - REV\_1.odt

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800125E2B00D2E0R8O9F4M4 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE : 2024CO142-003
	JOAQUIN BERMUDEZ PEREZ-Enxeñeiro técnico - 23/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/01/2024 10:19:48	Fecha: 12/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL





## CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900  
Marín (Pontevedra)  
CIF: P3602600C  
Tfno: 986 88 03 00  
www.concellodemarin.es

EXPEDIENTE: 2020/CO145-018

TIPO: PROYECTO DE OBRAS

PERS. INTERESADA: SRA. ALCALDESA/  
ÓRGANO CONTRATACIÓN

### Informe:

1º.- O obxecto do proxecto denominado HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO" é a reurbanización da rúa de Pedreiras de Abaixo, cunha superficie aproximada de 855 m<sup>2</sup>, renovando e mellorando as condicións dos viarios existentes, sen alterar os seus actuais límites e sen condicionar o eventual desenvolvemento do planeamento urbanístico vixente, corrixiendo onde resulte posible as pendentes transversais, ó tempo que se procede á renovación das redes de saneamento (residuais e pluviais) e de abastecemento de auga; así mesmo se prevé a execución da obra civil precisa para o futuro soterramento da rede de iluminación pública.

2º A intervención realízase na rúa Pedreiras de Abaixo, que transcorre dende a intersección da rúa Pedreiras de Arriba e rúa Pedreiras do Medio ata a Rúa San Corno.

3º.- As reposicións de servizos consideradas no proxecto son as redes municipais de saneamento (pluviais e residuais), abastecemento e a obra civil correspondente ó futuro soterramento das liñas de iluminación pública. Se identifican e conexionan todas as acometidas existentes, deixando previstas acometidas para as parcelas vacantes. Así mesmo se completarán os servizos con dotación de bocas de rego e hidrantes de incendios.

No anexo 05.01 da Memoria xúntase o cálculo e xustificación das instalacións proxectadas; no anexo 05.03 inclúese a proposta de ensaios de control de calidade a realizar e no anexo 05.05 xúntase as fichas de información dos materiais a empregar. Así mesmo, no anexo 05.07 inclúese as características xeolóxicas e xeotécnicas do ámbito da actuación, caracterizando a tipoloxía das escavacións a realizar.

4º.- A xuízo do técnico que subscribe, o Proxecto denominado "HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO", proxecto asinado en agosto de 2020 polo arquitecto colegiado nº 1451 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), D. Sergio Lucio Paniccia, axústase ás condicións requiridas ao respecto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e, polo tanto, resulta suficiente para a definición, valoración e execución das obras nel proxectadas, polo que **se informa favorablemente o devandito proxecto en relación coa súa viabilidade como obra completa**, susceptible de ser executada segundo o contemplado no dito proxecto seguindo as indicacións que ao respecto sexan impartidas pola dirección facultativa, sendo en tales condicións **susceptible de entrar en servizo á súa finalización**.

5º.- Así mesmo, obsérvase que o prazo previsto para a execución dos traballos CATRO (4) MESES resulta adecuado ós mesmos coa debida abdicación de medios, polo que non se estima oportuno que se valore como criterio de adxudicación a redución do prazo, salvo que existisen razóns que descoñeza este técnico para considerar como unha vantaxe ou necesidade para o Concello a redución do mesmo.

6º.- Obsérvase que, no momento presente os servizos municipais dispoñen dunha dotación de persoal e medios moi limitada que resulta incluso escasa para atender os traballos que lle son propios de mantemento ordinario das infraestruturas, redes e bens inmobles do Concello, polo que non resulta razoable empregar ditos servizos para a realización de obras distintas ás referidas, como sería o caso da obra motivo do presente, feito

T:\urbanismo\publicalings\51\_PROYECTOS\2020\_CO145-018\_HUMANIZACIÓN\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III\_2020\_CO145\_018\_INFORME\_TECNICO\_HUMANIZ\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III - REV\_1.odt

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800125E2B00D2E0R8O9F4M4 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">JOAQUIN BERMUDEZ PEREZ-Enxeñeiro técnico - 23/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/01/2024 10:19:48</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024CO142-003 Fecha: 12/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--





## CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900  
Marín (Pontevedra)  
CIF: P3602600C  
Tfno: 986 88 03 00  
www.concellodemarin.es

EXPEDIENTE: 2020/CO145-018

TIPO: PROYECTO DE OBRAS

PERS. INTERESADA: SRA. ALCALDESA/  
ÓRGANO CONTRATACIÓN

que, xunto coas características singulares da obra que precisa a intervención de equipamento e persoal especializado, fai que se considere oportuno a contratación externa da execución da mesma.

7º.- Por motivos similares, indícase que a xuízo do técnico que subscribe, a carga de traballo dos servizos técnicos municipais así como os medios á disposición dos mesmos imposibilitan atender convenientemente con medios propios a dirección de obra e/ou a coordinación de seguridade e saúde das obras recollidas no proxecto obxecto, polo que se estima oportuno proceder á contratación externa de ditos traballos.

Polos mesmos motivos indicados no parágrafo anterior, non resulta posible a asunción polos servizos técnicos de maior carga de traballo relacionada coa contratación e execución da presente actuación. Nomeadamente, non resulta posible a correcta atención da tarefas de responsable de contrato (nin da obra nin da dirección facultativa da obra), non sendo en todo caso imprescindible nin obrigado que tal figura sexa desenvolvida por persoal con cualificación técnica en construción, e, para o caso de que se desexe que así sexa, deberase de contratar externamente.

### E se propón:

Para a confección da "MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN" das obras obxecto do proxecto denominado "HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III PEDREIRAS DE ABAIXO" (expediente 2020/CO145-018)", proxecto asinado en agosto de 2020, xunto coas modificacións realizadas en outubro de 2023, polo arquitecto Colexiado nº 1451 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), D. Sergio Lucio Paniccia, o documento que se acompaña no anexo ó presente, para que sirva para a súa consideración e oportuna revisión polo órgano competente en materia de contratación do Concello.

O que se informa e propón, salvo criterio mellor fundado, na data abaixo indicada para o seu coñecemento e efectos oportunos, e para que se prosiga co trámite que proceda.

O enxeñeiro técnico municipal

T:\urbanismo\publicalings\51\_PROYECTOS\2020\_CO145-018\_HUMANIZACIÓN\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III  
2020\_CO145\_018\_INFORME\_TECNICO\_HUMANIZ\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III - REV\_1.odt

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800125E2B00D2E0R8O9F4M4 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p align="center"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p align="center">JOAQUIN BERMUDEZ PEREZ-Enxeñeiro técnico - 23/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/01/2024 10:19:48</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024CO142-003 Fecha: 12/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--





## CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900  
Marín (Pontevedra)  
CIF: P3602600C  
Tfno: 986 88 03 00  
www.concellodemarin.es

EXPEDIENTE: 2020/CO145-018

TIPO: PROYECTO DE OBRAS

PERS. INTERESADA: SRA. ALCALDESA/  
ÓRGANO CONTRATACIÓN

### ANEXO

#### PROPOSTA DE “MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN” DAS OBRAS OBXECTO DO PROXECTO DENOMINADO “HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO” (expediente 2020/CO145-018))

##### Regulación Normativa

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

##### Memoria xustificativa

###### a) Necesidade que se pretende dar satisfacción e idoneidade do obxecto do contrato para cubrila.

O artigo 25.2.c) e 25.2.d) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) dispón que os Concellos teñen competencia propia en materias de “Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais” e “Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, respectivamente.

- O artigo 80.2.d) e 80.2.l) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) sinala que os municipios teñen competencia propia en materias relativas á “pavimentación de vías públicas urbanas” e ó “subministro de auga, alumeadado público, os servizos de limpeza viaria, recollida e tratamento de residuos, os sumidoiros e o tratamento de augas residuais”, respectivamente.
- Á vista das devanditas competencias e non contando con medios propios para o desenvolvemento das actuacións obxecto do presente contrato, cómpre recorrer a medios externos mediante os mecanismos de contratación pública previstos na normativa de aplicación.
- O obxecto da contratación é a execución das obras e actuacións necesarias para a reurbanización da rúa Pedreiras de Abaixo, renovando e mellorando as condicións dos viarios existentes, sen alterar os seus actuais límites e sen condicionar o eventual desenvolvemento do planeamento urbanístico vixente, ó tempo que se procede á renovación das redes de servizos municipais que discorren polos mencionados viarios.
- A necesidade da execución da obra ven dada pola oportunidade de humanizar a rúa de Pedreiras de Abaixo, no tramo indicado, renovando e mellorando as condicións dos viarios existentes, ó tempo que se renovan as redes de servizos municipais que discorren polos mencionados viarios.
- A xuízo do técnico que subscribe, a solución proposta no Proxecto mencionado con anterioridade resulta adecuada para cumprir cos obxectivos pretendidos

###### b) A elección do procedemento de contratación.

- O procedemento máis adecuado, a tenor do artigo 159 da Lei 9/2017, sería o aberto simplificado, por ser o seu valor estimado inferior a 2 millóns de euros e por outro lado, entre os criterios de adxudicación previstos non se contempla ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelo, a

T:\urbanismo\publicalings\51\_PROYECTOS\2020\_CO145-018\_HUMANIZACIÓN\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III\_2020\_CO145\_018\_INFORME\_TECNICO\_HUMANIZ\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III - REV\_1.odt

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800125E2B00D2E0R8O9F4M4 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">JOAQUIN BERMUDEZ PEREZ-Enxeñeiro técnico - 23/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/01/2024 10:19:48</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024CO142-003</p> <p>Fecha: 12/03/2024</p> <p>Hora: 00:00</p> <p>Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
--	---	---





## CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900  
Marín (Pontevedra)  
CIF: P3602600C  
Tfno: 986 88 03 00  
www.concellodemarin.es

EXPEDIENTE: 2020/CO145-018

TIPO: PROYECTO DE OBRAS

PERS. INTERESADA: SRA. ALCALDESA/  
ÓRGANO CONTRATACIÓN

### ANEXO

#### PROPOSTA DE "MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN" DAS OBRAS OBXECTO DO PROXECTO DENOMINADO "HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO" (expediente 2020/CO145-018))

súa ponderación non supera o vinte e cinco por cento do total (25 %)..

#### c) Clasificación e solvencia técnica ou profesional e económica e financeira esixidas.

- Non se require clasificación empresarial por ser o importe inferior a 500.000 euros, segundo o disposto no artigo 77.1.a) da Lei de Contratos do Sector Público.
- En todo caso, a solvencia técnica poderá ser acreditada mediante clasificación e/ou segundo o previsto no artigo 88 da mesma Lei.
- Particularmente, para o caso de que a solvencia técnica non se acredite mediante clasificación, considérase adecuado como medio de acreditación da dita solvencia técnica o previsto no apartado a) do punto 1 do artigo 88 da Lei de Contratos do Sector Público, sendo suficiente a acreditación por tal medio da realización de tres (3) obras de características e presuposto análogos ós da obra obxecto do presente.
- Para o caso previsto no punto 2 do mesmo artigo 88, considérase adecuado como medio de acreditación da solvencia técnica o previsto no apartado f) do punto 1 do mesmo artigo 88, sendo suficiente a dotación de polo menos un técnico titulado de nivel de primeiro ciclo de formación universitaria en titulación relacionada coa redacción de proxectos e/ou execución de obras de características análogas ós da obra obxecto do presente.

#### d) Cálculo do valor estimado do contrato, así como do orzamento base de licitación, con indicación de todos os conceptos que o integran (custes directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación), indicando se existisen, de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais das persoas empregadas para a súa execución, estimados a partir do convenio laboral de referencia.

- Dacordo co artigo 101 da LCSP, e segundo o previsto no Proxecto denominado "HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO" (expediente 2020/CO145-018)", o valor estimado do presente contrato é de 235.332,36 € (douscentos trinta e cinco mil trescentos trinta e dous euros con trinta e seis céntimos).
- Segundo o indicado no Documento IV do Proxecto denominado "HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO" (expediente 2020/CO145-018)", o orzamento de execución material é de 197.758,28 €, sendo o orzamento base de licitación, sen IVA, de 235.332,36 €, con un IVA de 49.419,80 €, o que supón un total IVA incluído de 284.752,16 €.
- No anexo I "AJUSTES DE PROYECTO" do devandito proxecto, inclúense os cadros de prezos n.º 1 e n.º 2 e os listados dos prezos unitarios de man de obra, maquinaria e materiais considerados..

#### e) Criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo.

En virtude do artigo 145 da LCSP, a adxudicación dos contratos realízase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

A mellor relación calidade-prezo avaliarase con arranxo a criterios económicos e cualitativos, polo que para o presente

T:\urbanismo\publicalings\51\_PROYECTOS\2020\_CO145-018\_HUMANIZACIÓN\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III\_2020\_CO145\_018\_INFORME\_TECNICO\_HUMANIZ\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III - REV\_1.odt

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800125E2B00D2E0R8O9F4M4 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">JOAQUIN BERMUDEZ PEREZ-Enxeñeiro técnico - 23/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/01/2024 10:19:48</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024CO142-003</p> <p>Fecha: 12/03/2024</p> <p>Hora: 00:00</p> <p>Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
--	---	---





# CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900  
Marín (Pontevedra)  
CIF: P3602600C  
Tfno: 986 88 03 00  
www.concellodemarin.es

EXPEDIENTE: 2020/CO145-018

TIPO: PROYECTO DE OBRAS

PERS. INTERESADA: SRA. ALCALDESA/  
ÓRGANO CONTRATACIÓN

## ANEXO

### PROPOSTA DE "MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN" DAS OBRAS OBXECTO DO PROXECTO DENOMINADO "HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO" (expediente 2020/CO145-018))

contrato os criterios de adjudicación serán os seguintes:

- Oferta económica: 65%
- Programación de obra: 25%
- Aumento do prazo de garantía: 10%, a razón dun 2% por cada ano adicional

Para o criterio de "Programación de obra", que se corresponde con criterios avaliábles mediante xuízo de valor, se procederá segundo se indica de seguido:

As propostas presentadas valoraranse cun máximo do 25% da puntuación, de conformidade cos seguintes criterios avaliábles mediante un xuízo de valor:

- Memoria de traballo, ata un máximo do 9% da puntuación
- Programa e equipo de traballo ata un máximo do 8% da puntuación
- Plan de actuacións ambientais, ata un máximo do 3% da puntuación
- Plan de control de calidade, ata un máximo do 5% da puntuación

A documentación aportada deberá contemplar de xeito **obligatorio e exclusivo** os apartados relacionados, presentados na mesma orde en documentos en formato A4 (salvo indicación en contrario) tipo de letra arial de tamaño non inferior a 10, con interliñado non inferior a 1,5, coa extensión en páxinas non superior á que se indica no detalle a continuación.

- Penalizarase cunha redución do 75% da puntuación obtida a oferta que exceda o número máximo de páxinas no apartado e/ou no total resultante da suma do máximo de páxinas por apartado, incluído o índice.
- Penalizarase cunha redución do 50% da puntuación obtida no apartado a oferta que presente documentos distintos dos requiridos (índices parciais, portadas, etc).
- Penalizarase cunha redución do 25% da puntuación obtida en cada apartado a oferta que non acompañe o índice xeral.
- Así mesmo, valorarase co 0% da puntuación do apartado a oferta que non se axuste as condicións de formato no apartado correspondente.

Os documentos a aportar, **precedidos dun único índice xeral para todos eles**, que non excederá de dúas páxinas, e o seu contido, serán os seguintes::

#### **1. MEMORIA DE TRABAJO**

Valorase con ata un 9% da puntuación, que se distribuirá segundo os seguintes apartados:

##### **1.1) Análise da actuación obxecto do proxecto, das actividades e unidades de obra e dos condicionantes principais para a execución do proxecto (máx. 4%):**

Valorarase se a análise de actuacións e actividades é específica, adaptada ó proxecto e detallada, remarcando os principais condicionantes para a execución, considerándose polo tanto pertinente e axeitada. (máximo de páxinas 13)

T:\urbanismo\publicalings\51\_PROYECTOS\2020\_CO145-018\_HUMANIZACIÓN\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III  
2020\_CO145\_018\_INFORME\_TECNICO\_HUMANIZ\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III - REV\_1.odt

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800125E2B00D2E0R8O9F4M4 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<p align="center"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p align="center">JOAQUIN BERMUDEZ PEREZ-Enxeñeiro técnico - 23/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/01/2024 10:19:48</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024CO142-003</p> <p>Fecha: 12/03/2024</p> <p>Hora: 00:00</p> <p>Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
--	---	---





# CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900  
Marín (Pontevedra)  
CIF: P3602600C  
Tfno: 986 88 03 00  
www.concellodemarin.es

EXPEDIENTE: 2020/CO145-018

TIPO: PROYECTO DE OBRAS

PERS. INTERESADA: SRA. ALCALDESA/  
ÓRGANO CONTRATACIÓN

## ANEXO

### PROPOSTA DE "MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN" DAS OBRAS OBXECTO DO PROXECTO DENOMINADO "HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO" (expediente 2020/CO145-018))

#### 1.2) Estudo de afeccións e medidas e desvíos de tráfico peonil e rodado (máx. 2%):

Valorarase a inclusión dun estudo específico e detallado dos servizos afectados e calquera outras posibles afeccións, incluíndo medidas ó respecto e garantindo ademais o tránsito rodado, peonil e de acceso universal.(máximo de páxinas 3)

#### 1.3) Desenvolvemento de Información gráfica (máx 2%):

Valorarase si o documento ven acompañado de información gráfica clara, concisa e detallada, que visualice o estudo da zona de actuación e as análises realizadas, si se considérase adaptada ó proxecto.(máximo de páxinas 3)

#### 1.4) Relación de fontes de subministro de materiais (máx 1%):

Valorarase a relación de fontes de subministro presentada si se considera específica e adaptada ó obxecto do contrato, e define a procedencia e calidade dos materiais que se consideran pertinentes e axeitados. (máximo de páxinas 1)

## 2. PROGRAMA DE TRABALLO

Non se solicita redución de prazo, senón que se especifique a orde e a planificación dos traballos.

Valorase con ata 8 puntos, que se distribuirán segundo os seguintes apartados:

#### 2.1) Diagrama de Gantt (máx. 4 %).

Valorarase se o diagrama de Gantt é detallado e inclúe de forma específica rendementos (das principais unidades de traballo por día) e actividades críticas que se consideren axeitadas, sendo acordes á obra a executar. (máximo de páxinas 1, en formato A4 ou A3)

#### 2.2) Definición de actividades críticas (máx. 1%).

Valorarase se se indica un número importante de actividades críticas que se consideren axeitadas e relevantes para a planificación temporal. (máximo de páxinas 1)

#### 2.3) Listado de maquinaria e medios auxiliares en obra (máx. 1%).

Valorarase se a relación de maquinaria e medios auxiliares que o licitador se compromete a empregar nas unidades máis relevantes da obra semella suficiente e axeitada para garantir o cumprimento dos prazos especificados. (máximo de páxinas 1)

#### 2.4) Cadro de actividades e rendementos (máx. 1%)

Valorarase se se especifican rendementos das principais unidades de traballo para o obxecto do contrato e estes se consideran axeitados.(máximo de páxinas 4)

#### 2.5) Afeccións climatolóxicas (máx. 1%).

Valorarase se se definen posibles afeccións climatolóxicas e se marcan folguras temporais para estes supostos acordes á tipoloxía de actividades principais da obra obxecto do contrato. (máximo de páxinas 2)

## 3. PLAN DE ACTUACIÓN AMBIENTAIS

T:\urbanismo\publicalings\51\_PROYECTOS\2020\_CO145-018\_HUMANIZACIÓN\_VÍAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III  
2020\_CO145\_018\_INFORME\_TECNICO\_HUMANIZ\_VÍAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III - REV\_1.odt

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800125E2B00D2E0R8O9F4M4 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<p align="center"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p align="center">JOAQUIN BERMUDEZ PEREZ-Enxeñeiro técnico - 23/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/01/2024 10:19:48</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024CO142-003</p> <p>Fecha: 12/03/2024</p> <p>Hora: 00:00</p> <p>Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
--	---	---





# CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900  
Marín (Pontevedra)  
CIF: P3602600C  
Tfno: 986 88 03 00  
www.concellodemarin.es

EXPEDIENTE: 2020/CO145-018

TIPO: PROYECTO DE OBRAS

PERS. INTERESADA: SRA. ALCALDESA/  
ÓRGANO CONTRATACIÓN

## ANEXO

### PROPOSTA DE "MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN" DAS OBRAS OBXECTO DO PROXECTO DENOMINADO "HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO" (expediente 2020/CO145-018))

Valorase con ata 3 puntos, que se distribuirán segundo os seguintes apartados:

**a) Identificación de impactos e plan de actuacións medioambientais (máx. 1 %)**

Valorase se se realiza unha enumeración dos principais impactos do proxecto específica e adaptada, e se inclúen medidas ó respecto que se consideren pertinentes e axeitadas. (máximo de páxinas 3)

**b) Actuacións para redución de emisións contaminantes (máx. 1%).**

Valorase a enumeración dun número importante de medidas que permitan a redución de efectos contaminantes cuantificándose estas reducións.(máximo de páxinas 2)

**c) Emprego de materiais reutilizados ou reciclados (máx. 1 %).**

Valorase a presentación dunha relación de materiais reutilizados ou reciclados a utilizar, incluíndo materiais referidos ás principais unidades de traballo, acreditando a xestión propia dos mesmos.(máximo de páxinas 1)

#### 4. PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

Valorase con ata 5 puntos, que se distribuirán segundo os seguintes apartados:

**a) Plan de ensaios de autocontrol (máx. 3 %)**

Valorase o compromiso do licitador á execución de ensaios de autocontrol nunha porcentaxe non inferior ó 2% do PEM. (máximo de páxinas 3)

**b) Plan de calidade interno da empresa (máx 2 %).**

Valorase a descrición de forma detallada da organización da empresa adicada ó control de calidade ou se achegan certificados ó respecto, e se describen os procesos relacionados directamente coa execución da obra que se consideren axeitados (máximo de páxinas 3).

Así mesmo, considérase que non debe de valorarse como criterio de adjudicación a redución do prazo previsto no Proxecto para a execución dos traballos, atendendo a que o devandito prazo se considera adecuado para a mesma coa debida adicación de medios, non existindo razóns para considerar como unha vantaxe ou necesidade para o Concello a redución do dito prazo.

No tocante as condicións especiais de execución, segundo o artigo 202 da LCSP, estímase adecuado contemplar as seguintes de tipo ambiental:

- a)Reciclaxe, reutilización e recuperación dos materiais.
- b)Rexeneración de espazos.
- c)Indicación de vertedoiros autorizados onde se vaian a trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de construción, demolición ou derrubo.
- d)Compromiso de aportar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición

T:\urbanismo\publicalings\51\_PROYECTOS\2020\_CO145-018\_HUMANIZACIÓN\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III  
2020\_CO145\_018\_INFORME\_TECNICO\_HUMANIZ\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III - REV\_1.odt

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800125E2B00D2E0R8O9F4M4 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">JOAQUIN BERMUDEZ PEREZ-Enxeñeiro técnico - 23/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/01/2024 10:19:48</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024CO142-003 Fecha: 12/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--







# CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900  
Marín (Pontevedra)  
CIF: P3602600C  
Tfno: 986 88 03 00  
www.concellodemarin.es

EXPEDIENTE: 2020/CO145-018

TIPO: PROYECTO DE OBRAS

PERS. INTERESADA: SRA. ALCALDESA/  
ÓRGANO CONTRATACIÓN

## ANEXO

### PROPOSTA DE “MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN” DAS OBRAS OBXECTO DO PROXECTO DENOMINADO “HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS. FASE III. PEDREIRAS DE ABAIXO” (expediente 2020/CO145-018))

realmente producidos na obra son xestionados, segundo o disposto no art. 4.c do R.D. 105/2008.

**f) Definición dos lotes, nos que como regra xeral e obrigatoria debe dividirse o obxecto do contrato e, en caso de que excepcionalmente non proceda a división do contrato en lotes, xustificación suficiente para non dividilo, baseada nalgunha das circunstancias excepcionais previstas no artigo 99.3 da LCSP 9/2017.**

- Non procede a división en lotes da obra obxecto do contrato, por darse o suposto previsto no artigo 99.3.b) da LCSP, é dicir, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, así como obstaculizaría a coordinación da execución no caso de existir unha pluralidade de contratistas diferentes.
- Ambos extremos xustificanse nas propias características da obra; en que o Proxecto non contempla a súa execución por lotes, resultando a reformulación do devandito Proxecto antieconómico para o Concello; e polo feito de que para a súa execución resulta necesario o emprego de maquinaria e equipos especializados, así como a realización coordinada de distintos traballos, que de ter que ser executados de xeito sucesivo e non simultáneo, implicaría un encarecemento e incremento da complexidade da obra innecesarios.

**Por todo o exposto, coa presente Memoria dáse cumprimento o disposto no artigo 116.4 da LCSP, quedando xustificadas adecuadamente tódolos epígrafes do mesmo.**

T:\urbanismo\publicalings\51\_PROYECTOS\2020\_CO145-018\_HUMANIZACIÓN\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III\2020\_CO145\_018\_INFORME\_TECNICO\_HUMANIZ\_VIAS\_PEDREIRAS\_FASE\_III - REV\_1.odt

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800125E2B00D2E0R8O9F4M4 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p align="center"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p align="center">JOAQUIN BERMUDEZ PEREZ-Enxeñeiro técnico - 23/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/01/2024 10:19:48</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024CO142-003 Fecha: 12/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--

